



**AUTORIZACIÓN DE MATRÍCULA DE MATERIAS EXTINGUIDAS
CONSONTE A PLANOS RENOVADOS**

A Xunta de Goberno aprobou na sesión do 16 de xuño a modificación das Normas de Xestión Académica. Entre as modificacións figura unha relativa á adaptación obrigatoria e voluntaria dos planos de estudo co obxecto de facilitar a conclusión dos estudos polos planos en proceso de extinción.

Co fin de clarexar a interpretación deste epígrafe así como de establecer o procedemento para a resolución das solicitudes que presenten os alumnos ó abeiro deste acordo compre dicta-la seguinte

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRO.- ALUMNOS AFECTADOS: Os que están a cursar planos de estudio en proceso de extinción e que teñen materias pendentes sen dereito a exame, sempre que estas poidan ser adaptadas por un máximo de tres asignaturas do plano novo, poderán solicitar a matrícula polo plano renovado nesas materias para o curso 1999/2000. No resto das asignaturas deberá matricularse polo plano vello. Esta matrícula só poderá realizarse ata amortización total do plano vello.

SEGUNDO.- Os alumnos deberán presentar estas solicitudes durante o período de matrícula ordinaria nas Unidades de Xestión Académica correspondentes á súa titulación. As Unidades enviáranas, xunto coa copia do expediente académico do alumno, ós centros para o seu informe.

TERCEIRO.- Os centros deberán emitir informe, respecto das solicitudes que se presenten, no que deberá figurar a correspondencia entre as materias sen dereito a exame e as do plano renovado así como a conveniencia ou non da autorización, enviando o expediente ó Servicio de Alumnado.

CUARTO.- As materias adaptadas, ó abeiro desta instrucción, non estarán sometidas a control de convocatorias. A materia ou materias extinguidas entenderanse que están aprobadas cando todas as súas equivalentes do plano renovado sexan aprobadas. A imputación da cualificación ó expediente do alumno só se producirá neste momento.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

QUINTO.- A liquidación dos prezos públicos farase por créditos para as materias do plano renovado. Para o resto das materias estarase o que establece o decreto de prezos públicos para a matrícula dos planos sen renovar. No caso de solicitude de bolsa os alumnos deberán equipararse ós matriculados por planos vellos.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 1999
**O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA
E TITULACIÓN S,**



Rodríguez Fernández

SR- SECRETARIO XERAL. SRS/AS DECANOS/AS DE CENTRO. SRA XEFA DO SERVICIO DE ALUMNADO. SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS. SR. DIRECTOR DO COIE. SRS/A XEFES/A DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA. SR. XEFE DE ASESORIA XURIDICA